

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dereito financeiro e tributario I				
Materia	Dereito financeiro e tributario I			
Código	O03G081V01603			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Fernández López, Roberto Ignacio			
Profesorado	Fernández López, Roberto Ignacio Siota Álvarez, Mónica			
Correo-e	rfernandez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O "Dereito Financeiro e Tributario I" é unha materia que ten por finalidade o estudo da ordenación xurídica dos ingresos e gastos públicos, así como das relacións xurídicas que xorden entre a Administración e os particulares. A materia obxecto de estudo estrutúrase en tres grandes apartados. Dun lado, o primeiro apartado serve de introdución ao estudo do Dereito Financeiro, destacando a análise das fontes desta rama xurídica e do poder financeiro nos tres niveis de Facenda (Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais). Un segundo apartado dedica especial atención ao dereito orzamentario, é dicir, ao estudo xurídico do ciclo do gasto público. Por último, o terceiro apartado correspóndese coa denominada "Parte xeral" do Dereito Tributario, a cal -á súa vez- enfróntase por separado ao estudo do tributo e a obrigación tributaria, á interpretación e aplicación dos tributos, ao dereito sancionador tributario e, finalmente, á revisión dos actos administrativos tributarios, contidos todos eles cuxo coñecemento resulta imprescindible antes de abordar a "Parte especial" do Dereito Tributario ("Dereito Financeiro e Tributario II"), que completa a formación do estudantado no que atinxe ás materias obrigatorias de Dereito Financeiro.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C18	CE24 - Coñecer o modelo de distribución do poder financeiro en España, así como os ingresos públicos (en especial, os tributos: os seus elementos esenciais e os procedementos de aplicación) e as normas que rexen o gasto público.
C19	CE25 - Saber interpretar e aplicar as normas do ordenamento xurídico financeiro
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.

D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resultado de aprendizaxe: Coñecer, interpretar e aplicar as normas reguladoras do poder financeiro en España, así como as que incumben aos ingresos, con especial referencia ao tributo, e ao gasto público	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C18 C19	D1 D3 D4 D5

Contidos

Tema	
PRIMEIRA PARTE: INTRODUCIÓN AO ESTUDO DO DEREITO FINANCEIRO.	1.- O Dereito Financeiro. Concepto e contido. 2.- As fontes do ordenamento financeiro. 3.- Os principios constitucionais de xustiza no ordenamento financeiro. 4.- O poder financeiro en España. 5.- A aplicación e interpretación das normas financeiras. 6.- O obxecto da actividade financeira. Aspectos xurídicos. 7.- A Débeda Pública.
SEGUNDA PARTE: DEREITO ORZAMENTARIO.	8.- O Dereito Orzamentario. Concepto. Os principios orzamentarios. 9.- Contido e efectos xurídicos do Orzamento. 10.- Fases do ciclo orzamentario. Elaboración, aprobación e execución do Orzamento. 11.- O control do Orzamento.
TERCEIRA PARTE: DEREITO TRIBUTARIO. PARTE XERAL.	12.- Os principios constitucionais en materia tributaria. 13.- A obrigación tributaria. O tributo. 14.- Clases de tributos. 15.- O feito impoñible. 16.- As obrigacións subsidiarias e accesorias. 17.- Suxeitos da obrigación tributaria. 18.- A capacidade no ámbito tributario. 19.- A cuantificación da obrigación tributaria. 20.- Réximes de determinación de bases impoñibles. Cota e débeda tributaria. 21.-Extinción da obrigación tributaria. 22.- A aplicación dos tributos. A obrigación de proporcionar información á Administración Tributaria. 23.- A asistencia e información aos obrigados tributarios. Normas comúns sobre actuacións e procedementos tributarios. 24.- O procedemento de xestión. 25.- A Inspección dos tributos. 26.- A recadación. O período executivo. 27.-Infraccións e sancións tributarias. O procedemento sancionador. 28.- A revisión de actos administrativos tributarios.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	43.1	96.3	139.4
Seminario	25.2	56.2	81.4
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Observación sistemática	1.2	0	1.2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos estruturais e esenciais da materia.
Seminario	Análise de contidos específicos. Resolución de supostos prácticos. Exposición oral polo estudantado e/ou presentación escrita sobre un tema proposto polo profesorado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias previstas no apartado correspondente desta guía docente. A atención personalizada ao alumnado poderá realizarse, no seu caso, por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, etc.) baixo a modalidade de concertación previa.
Seminario	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias previstas no apartado correspondente desta guía docente. A atención personalizada ao alumnado poderá realizarse, no seu caso, por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, etc.) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba final que consta de dúas partes: unha práctica escrita (na que a/ alumna/o terá que demostrar a adquisición das competencias esenciais da materia) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia). Para as/os alumnas/os que se sometan ao sistema de avaliación continua, esta proba representará o 70% da súa nota final. Para as/os alumnas/os que NON se sometan a avaliación continua, a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% da cualificación obtida no exame práctico escrito. Resultado de aprendizaxe: Coñecer, interpretar e aplicar as normas reguladoras do poder financeiro en España, así como as que incumben aos ingresos, con especial referencia ao tributo, e ao gasto público.	70	A1 A2 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C18 C19	D1 D5
Exame de preguntas obxectivas	Nos Seminarios realizaranse probas de resposta curta exclusivamente ás/ós alumnas/os que se sometan ao sistema de avaliación continua. A nota media dos distintos exames de preguntas obxectivas constituirá o 20% da nota final de ditas/os alumnas/os. Resultado de aprendizaxe: Coñecer, interpretar e aplicar as normas reguladoras do poder financeiro en España, así como as que incumben aos ingresos, con especial referencia ao tributo, e ao gasto público.	20	A1 A2 A4	B1 B2 B4	C18 C19	
Observación sistemática	O profesorado, a través de diferentes actividades que propoña ao alumnado que se someta a avaliación continua (casos prácticos, exposición oral dun tema, presentación escrita dun traballo, tarefa colaborativa na aula, etc.), valorará a participación activa e a calidade das intervencións deste tanto nas clases maxistrais como, sobre todo, nos seminarios. A participación activa e de calidade do alumnado acollido a avaliación continua suporá o 10% da súa nota final. Resultado de aprendizaxe: Coñecer, interpretar e aplicar as normas reguladoras do poder financeiro en España, así como as que incumben aos ingresos, con especial referencia ao tributo, e ao gasto público.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C18 C19	D1 D3 D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto de exame. Oportunamente, ao comezo do cuadrimestre académico, se lle proporcionará ao alumnado un temario máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: 1ª EDICIÓN DE ACTAS.-

1.- Ao comezo do cuadrimestre, a/o alumna/o deberá manifestar a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua. A tal fin, os profesores da materia lle proporcionarán un documento que a/o alumna/o deberá cubrir e asinar nun determinado prazo. Este documento será vinculante, de modo que as/os alumnas/os que o asinen NON poderán, con posterioridade e durante ese curso académico, cambiar de sistema de avaliación.

2.- A/o alumna/o que se acolla ao sistema de avaliación continua, subscribindo o documento sinalado no punto anterior, será avaliado conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: proba final (70%), probas de resposta curta (20%) e participación activa e de calidade (10%).

Na proba final, o exame de teoría e oral suporá o 80% da calificación e o práctico, por escrito, suporá un 20%. En todo caso, a/o alumna/o deberá acadar unha nota mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non acadar esa nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta

será a correspondente á da avaliación continua obtida ao longo do curso -probas de resposta curta (20%) e participación activa e de calidade (10%)-.

A mencionada proba final terá lugar na data, lugar e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

3.- As/os alumnas/os que NON se sometan a avaliación continua realizarán unha única proba final na que se avaliarán todas as competencias da materia e que constará de dúas partes: un exame teórico e oral, que suporá o 70% da súa calificación final; e un exame práctico e escrito (que será diferente ao que realice o alumnado sometido a avaliación continua), o cal suporá o 30% da súa nota final.

A citada proba final terá lugar na data, lugar e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

4.- Advertencia para todo tipo de alumnado (con o sen avaliación continua): o estudante que concurra a unha soa das probas do exame final (proba oral e teórica ou proba escrita e práctica) será calificado como "Non Presentado".

5.- As competencias a avaliar serán, para todo o alumnado, as indicadas máis arriba no apartado "Avaliación". Os resultados de aprendizaxe tanto para o alumnado que se someta a avaliación continua como para o que opte polo sistema de proba final única serán os mesmos: coñecer, interpretar e aplicar as normas reguladoras do poder financeiro en España, así como as que atinxen aos ingresos, con especial referencia ao tributo, e ao gasto público.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: 2ª EDICIÓN DE ACTAS.-

1.- No exame de xuño/xullo sólo se realizará unha proba final, que constará de dúas partes: unha práctica escrita (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia). A citada proba final terá lugar na data, lugar e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

2.- As/os alumnas/os que se someteron ao sistema de avaliación continua conservarán a nota que obtiveron no curso e que representará o 30% da súa calificación total (20% de probas de resposta curta e 10% de participación activa e de calidade). O 70% da nota restante provirá da mencionada proba final. Na devandita proba final, o exame de teoría e oral suporá o 80% da nota e o práctico, por escrito, suporá un 20%. En todo caso, a/o alumna/o deberá acadar unha nota mínima de 4 sobre 10 nesa proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non acadar dita nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta será a correspondente á da avaliación continua obtida ao longo do curso.

Para as/os alumnas/os que se someteron ao sistema de avaliación continua e que non superen a proba final, nin na primeira nin na segunda oportunidade de exame, a nota obtida a través do devandito sistema se lles poderá conservar no curso académico seguinte.

3.- Para as/os alumnas/os que NON se sometan a avaliación continua a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% da cualificación obtida no exame práctico escrito. En ambas probas avaliaranse todas as competencias da materia. A proba práctica escrita será diferente á que realice o alumnado sometido a avaliación continua.

4.- Advertencia para todo tipo de alumnado (con o sen avaliación continua): o estudante que concurra a unha soa das probas do exame final (proba oral e teórica ou proba escrita e práctica) será calificado como "Non Presentado".

5.- As competencias a avaliar serán, para todo o alumnado, as indicadas máis arriba no apartado "Avaliación". Os resultados de aprendizaxe tanto para o alumnado que se someta a avaliación continua como para o que opte polo sistema de proba final única serán os mesmos: coñecer, interpretar e aplicar as normas reguladoras do poder financeiro en España, asi como as que atinxen aos ingresos, con especial referencia ao tributo, e ao gasto público.

ADVERTENCIA ESPECÍFICA PARA AS/OS ALUMNAS/OS QUE CONCORRAN Á CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA.-

O exame da convocatoria de Fin de Carreira será unha proba escrita con dúas partes, teórica e práctica, cuxa cualificación conformará o 100% da nota final e avaliará todas as competencias da materia e os resultados de aprendizaxe sinalados nesta guía docente. Dita nota estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico e o 30% da cualificación obtida no exame práctico. No exame de Fin de Carreira non se terá en conta a nota de avaliación continua que o alumnado, no seu caso, obtivese no curso académico anterior. O estudante que concurra a unha soa das probas do exame de Fin de Carreira (proba teórica ou proba práctica) será calificado como "Non Presentado".

O exame de Fin de Carreira terá lugar na data, lugar e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade

para o curso académico 2020-2021.

ADVERTENCIA ESPECÍFICA PARA AS/OS ALUMNAS/OS QUE SOLICITEN SER EXAMINADOS POR TRIBUNAL (SÓ PARA ALUMNADO QUE SE ATOPE EN 4ª MATRÍCULA E SEGUINTES).-

O exame constará de dúas partes (práctica e teórica) e será exclusivamente escrito.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

FERREIRO LAPATZA, J.J., **Instituciones de Derecho Financiero y Tributario, Primera y Segunda Parte**, Última edición, Marcial Pons,

PÉREZ ROYO, F., **Derecho financiero y tributario. Parte General**, 30ª edición, Civitas, 2020

MARTÍN QUERALT, J.; LOZANO SERRANO, C.; TEJERIZO LÓPEZ, J.M.; y CASADO OLLERO, G., **Curso de Derecho financiero y tributario**, 31ª edición, Tecnos, 2020

SIMÓN ACOSTA, E. y otros, **Código Tributario**, 27ª edición, Aranzadi, 2020

MERINO JARA, I. (Dir.), **Derecho financiero y tributario. Parte General. Lecciones adaptadas al EEES**, 9ª edición, Tecnos, 2020

Bibliografía Complementaria

PITA GRANDAL, A.Mª. (Coordinadora), **Textos y casos prácticos de Derecho Financiero y Tributario**, 2ª edición, Tórculo Edicións, 2001

CALVO ORTEGA, R. (Dir.), **Comentarios a la Ley General Tributaria**, 2ª edición, Civitas-Thomson Reuters, 2009

PITA GRANDAL, A. M., **La prueba en el procedimiento de gestión tributaria**, 1ª edición, Marcial Pons, 1998

FERNÁNDEZ LÓPEZ, R. I., **La comprobación de hechos por la Inspección de los tributos**, 1ª edición, Marcial Pons, 1998

RUIZ HIDALGO, C., **La responsabilidad tributaria en el alzamiento de bienes**, 1ª edición, Marcial Pons, 2009

ANEIROS PEREIRA, J., **Las sanciones tributarias**, 1ª edición, Marcial Pons, 2005

MULEIRO PARADA, L. M., **La determinación objetiva: IRPF e IVA**, 1ª edición, Marcial Pons, 2009

SIOTA ÁLVAREZ, M., **Analogía e interpretación en el Derecho tributario**, 1ª edición, Marcial Pons, 2010

CUBERO TRUYO, A. (Dir.), **Estudios sobre el Decreto-Ley como fuente del Derecho Financiero y Tributario**, 1ª edición, Aranzadi, 2016

FERNÁNDEZ LÓPEZ, R. I., **La imprescriptibilidad de las deudas tributarias y la seguridad jurídica**, 1ª edición, Marcial Pons, 2016

PITA GRANDAL, A. M. (Dir.), **Estudios sobre la financiación de los puertos**, 1ª edición, Marcial Pons, 2017

SESMA SÁNCHEZ, B., **La nulidad de las liquidaciones tributarias**, 1ª edición, Aranzadi, 2017

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito mercantil I/O03G081V01502

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional I/O03G081V01103
Dereito: Dereito constitucional II/O03G081V01204
Dereito: Introdución ao dereito civil e dereito da persoa/O03G081V01203
Dereito: Teoría do dereito/O03G081V01102
Dereito administrativo I/O03G081V01401
Dereito civil I. Obrigas e contratos/O03G081V01301

Plan de Continxencias

Descrición

========== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ==========
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determíinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

========== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ==========
Como metodoloxías docentes seguiranse utilizando a clase maxistral e o seminario, aínda que se adaptarán ao escenario de non presencialidade ou semipresencialidade. En concreto, a súa aplicación farase efectiva a través das aulas virtuais da Universidade co reforzo ou apoio complementario da súa plataforma de teledocencia.

A atención personalizada ao alumnado concretarase en titorías que se desenvolverán por medios telemáticos, preferentemente a través dos despachos virtuais asignados ao profesorado responsable da materia, baixo a modalidade de concertación previa.

Non se prevén modificacións substanciais dos contidos a impartir.

É aconsellable que, a comezos do cuadrimestre académico no que se imparte a materia, o alumnado se provea de, polo menos, un dos manuais de referencia que figuran recomendados na bibliográfica básica desta guía, ante a eventualidade de que se produza unha suspensión da docencia presencial.

========== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ==========
1ª EDICIÓN DE ACTAS.-
- Para o alumnado acollido ao sistema de avaliación continua, a ponderación da nota final queda como segue:
a) Substituiranse as probas de resposta curta e presenciais na aula por probas co mesmo estilo de resposta ou cuestionarios a realizar a través da plataforma de teledocencia da Universidade. Ditas probas seguirán representando o 20% da nota final.
b) Valorarase o grao de cumprimento e entrega en prazo das tarefas ou exercicios que periodicamente se vaian sinalando a través da plataforma de teledocencia da Universidade. Este apartado representará un 10% da nota final.
c) O 70% restante da cualificación total provirá dun exame final que constará de dúas probas, as cales se realizarán a través da plataforma de teledocencia da Universidade: unha proba oral e teórica (56% da cualificación final), e unha proba escrita e práctica (14% da cualificación final).
En todo caso, a/o alumna/o deberá alcanzar unha nota mínima de 4 sobre 10 no devandito exame final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non alcanzar esa nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta será a correspondente á da avaliación continua obtida ao longo do curso.
O mencionado exame final realizarase na data e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

- Para o alumnado non acollido ao sistema de avaliación continua aplicaranse os seguintes criterios:
Haberá un único exame final, o cal consistirá en dúas probas que se realizarán a través da plataforma de teledocencia da Universidade: unha proba oral e teórica (70% da cualificación final), e unha proba escrita e práctica (30% da cualificación final).
O mencionado exame final realizarase na data e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

- Advertencia para todo tipo de alumnado (con ou sen avaliación continua): o estudante que concorra a unha soa das probas do exame final (proba oral e teórica ou proba escrita e práctica) cualificaráselle como "Non Presentado".

2ª EDICIÓN DE ACTAS.-
- Para o alumnado acollido ao sistema de avaliación continua aplicaranse as seguintes pautas:
A nota de avaliación continua obtida ao longo do cuadrimestre, que representa o 30% da súa cualificación final, conservarase para esta segunda edición de actas. Nesta segunda oportunidade tamén se manterá o mesmo modelo de exame final que na primeira oportunidade: dúas probas que se realizarán a través da plataforma de teledocencia da Universidade (proba oral e teórica que representará o 56% da cualificación final, e proba escrita e práctica que suporá o 14% da cualificación final).
Así mesmo, a/o alumna/o deberá alcanzar unha nota mínima de 4 sobre 10 nese exame final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. De non alcanzar dita nota mínima, a cualificación que se reflectirá na acta será a correspondente á da avaliación continua obtida ao longo do curso.
O mencionado exame final realizarase na data e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

- Para o alumnado non acollido ao sistema de avaliación continua, aplicaranse os seguintes criterios:
O exame final desta segunda edición de actas presentará as mesmas características que na primeira edición, isto é, realizaranse dúas probas a través da plataforma de teledocencia da Universidade (proba oral e teórica que representará o 70% da cualificación final, e proba escrita e práctica que suporá o 30% da cualificación final).
O mencionado exame final realizarase na data e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

- Advertencia para todo tipo de alumnado (con ou sen avaliación continua): o estudante que concorra a unha soa das probas do exame final (proba oral e teórica ou proba escrita e práctica) cualificaráselle como "Non Presentado".

CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA.-
O exame da convocatoria de Fin de Carreira consistirá en dúas probas que se realizarán a través da plataforma de teledocencia da Universidade: unha proba oral e teórica, que representará o 70% da nota final, e unha proba escrita e práctica, que suporá o 30% restante da cualificación final. No exame de Fin de Carreira non se terá en conta a nota de avaliación continua que o alumnado, no seu caso, obtivese no curso académico anterior.
O estudante que concorra a unha soa das probas do exame de Fin de Carreira (proba oral e teórica ou proba escrita e práctica) cualificaráselle como "Non Presentado".
O exame de Fin de Carreira realizarase na data e hora sinalados no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso académico 2020-2021.